

# Terras de Santiago



As nosas  
propostas de aventura

# TURISMO *activo*

Amextrem	656873332	info@amextremekayak.com
Aventuras en Galicia	639390754	info@aventurasengalicia.com
Club Piragüismo Ames	626644037 / 625398575	info@ribeirasdotambre.es
Amare	650410322	info@amareturismonautico.com
Arrepións	649003665 / 608984350	aventura@arrepions.com
Club Piragüismo As Torres	686929930	astorres@astorres.com
Desafío Ocio	639915916 / 637787377	desafio@turismoactivovalencia.es
Vertigo Aventura	652456180	info@turismoactivovalencia.com
Ulla Extrem	697240005	ullaextrem@gmail.com
Turnauga	609847000	turnauga.info@gmail.com
Granja Escuela Bergando	649466390	dirección@staapolonia.net

# AMEXTREM

M.656873332 - [info@amextremekayak.com](mailto:info@amextremekayak.com)

Amextrem ofrécete unha experiencia de turismo activo chea de emoción, diversión e seguridade.



## ***Emoción na auga***

Sinte a forza da corrente nos descensos de rafting, descubre paisaxes espectaculares en rutas guiadas en kaiak ou vive a velocidade polas augas bravas co hidrospeed.

## ***Aventura en terra e aire***

Pon a proba os teus límites co barranquismo, explora o mundo subterráneo coa espeleloxía ou demostra a túa habilidade, estratexia e espírito de equipo nas partidas de paintball. E se buscas sensacións fortes, o puenting é a actividade perfecta para ti.

Amextrem tamén conta con actividades de escalada e campamentos infantís orientados á adquisición de valores como a convivencia e o respecto polo medio ambiente sen que falte diversión.

## ***Diversión e seguridade para todos***

En familia, con amigos ou un evento, Amextrem dispón dun equipo de profesionais que se encarga de todo o material e das medidas de seguridade. Ti só tes que preocuparte de gozar da experiencia.

# AVENTURAS EN GALICIA

M. 639390754 - [info@aventurasengalicia.com](mailto:info@aventurasengalicia.com)

Descubre as Terras de Santiago dunha forma diferente con Aventuras en Galicia, unha empresa especializada en turismo activo e experiencias ao aire libre. Nun entorno natural privilexiado, entre ríos, bosques e paisaxes únicas, poderás gozar de actividades cheas de emoción, diversión e en contacto coa natureza.

As posibilidades son numerosas: rutas de sendeirismo e orientación, percorridos en bicicleta, actividades acuáticas nos ríos da comarca, experiencias equestres e propostas de aventura para todos os públicos.

As actividades están adaptadas a familias, grupos de amigos, centros educativos e empresas, sempre baixo a supervisión de persoal cualificado e co máximo compromiso coa seguridade e o respecto polo medio ambiente.

Vive unha experiencia inesquecible e descubre as Terras de Santiago desde outra perspectiva, combinando deporte, natureza e diversión da man de Aventuras en Galicia.



# CLUB PIRAGÜISMO AMES RIBEIRAS DO TAMBRE AVENTURA

M. 626644037 / M. 625398575 - [info@ribeirasdotambre.es](mailto:info@ribeirasdotambre.es)

Ribeiras do Tambre Aventuras nace co obxectivo de promover e achegar a práctica do piragüismo a todas as persoas, facendo deste deporte unha actividade accesible tanto para a poboación da comarca como para quen visita as Terras de Santiago.

As súas actividades desenvolverse nas tranquilas augas do río Tambre ao seu paso polos concellos de Ames e Brión, un entorno natural privilexiado que permite gozar da paisaxes dun xeito diferente, seguro e divertido.



O club organiza rutas guiadas en piragua para grupo de entre 10 e 25 persoas, con percorridos adaptados e unha duración de entre unha e dúas horas, ideais para familias, grupos de amigos, centro educativos ou asociacións.

Ademais das actividades acuáticas, a contorna do río Tambre ofrece numerosas posibilidades para o lecer e o contacto coa natureza, como xogos tradicionais, actividades de orientación e propostas de educación ambiental. A zona conta tamén con varias rutas de sendeirismo perfectamente sinalizadas, que permiten descubrir a riqueza natural e paisaxística deste espazo único das Terras de Santiago.

# AMARE

M. 650410322 - [info@amareturismoautico.com](mailto:info@amareturismoautico.com)

Amare Turismo Náutico ofrece experiencias únicas de turismo marítimo conectando o patrimonio natural, cultural e espiritual de Galicia cunha forma diferente de descubrir o territorio.

Entre as súas propostas destaca especialmente a Ruta Traslatio, unha travesía que forma parte do universo do Camiño de Santiago e que recrea o traslado dos restos do Apóstolo pola ría de Arousa e o río Ulla ata Padrón. Esta experiencia permite ao visitantes mergullarse na historia xacobeá desde o mar, enlazando directamente coas Terras de Santiago e o seu legado cultural e espiritual.

A bordo das súas embarcacións, Amare Turismo Náutico convida a vivir Galicia desde unha perspectiva privilexiada, onde natureza, tradición e Camiño se unen nunha experiencia inesquecible.



# ARREPIÓNS

M.649003665 / 608984350 - [aventura@arrepions.com](mailto:aventura@arrepions.com)

Rafting polo río Ulla. Á altura de Hebrón (Padrón), a poucos km de Santiago de Compostela, atopamos un dos tramos máis intensos e divertidos do río Ulla para a práctica do rafting.

Durante a época de chiva, cando o río leva un bo caudal, este percorrido convértese nunha auténtica aventura: rápidos continuados e potentes remuíños que garanten emoción do principio ao fin. A experiencia complétase cun peche espectacular cun salto á auga desde a ponte.



Un desafío inesquecible que non te podes perder. Ti só tes que levar as ganas de pasalo ben, do reste encárgase Arrepións.

Esta actividade é apta para todo o público, sen necesidade de experiencia previa. Os guías titulados e con ampla experiencia acompañaran en todo momento, garantindo seguridades, confianza e diversión.

# CLUB PIRAGÜISMO AS TORRES

M. 686929930 - [astorres@astorres.com](mailto:astorres@astorres.com)



Goza dunha experiencia única navegando en kaiak polas augas do Río Ulla. As rutas guiadas están pensadas para persoas de todas as idades e non requiren experiencia previa, polo que son ideais para familias, grupos de amigos ou centros educativos.

Cada participante dispón dunha embarcación adaptada ás súas características e nivel de experiencia. Para as excursións en grupo empregaranse kaiaks insubmerxibles e autovaciabes, ideais para iniciarse nesta actividade.

A seguridades é unha prioridade en todas as rutas. Os participantes dispoñen de embarcacións adaptadas ao seu nivel e contan en todo momento coa supervisión de monitores especializados e co equipamento de seguridade necesario.

# DESAFIO OCIO

M. 639915916 / 637797377

Actividades para todo o ano en Galicia con Desafío Ocio.

Na zona de Terras de Santiago poderás gozar de actividades como Puenting e Rafting polo Río Ulla.

Se eres unha persoa valente e atrevida, o puenting é para ti. Unha aventura extremadamente emocionante con moita adrenalina. Para os amantes das actividades acuáticas, poderás navegar os rápidos do Río Ulla, unha auténtica aventura chea de emoción e diversión.

Todas as actividades están supervisadas por profesionais e o equipamento será proporcionado por Desafío Ocio.



# VERTIGO AVENTURA

M. 652456180 - [info@turismoactivogalicia.com](mailto:info@turismoactivogalicia.com)



Vértigo Aventura ofrece experiencias de turismo activo en distintos espazos naturais de Galicia, especialmente na contorna do Río Tambre.

Entre as súas principais actividades destacan as rutas en kiais e canoa, o barraquismo en canóns naturais, o coasteering en zonas costeiras combinando sendeirismo e saltos ao mar, e o puenting para quen busca emocións fortes.

Tamén organizan rutas de sendeirismo e actividades multiaventura que combinan diferentes modalidades, adaptadas a grupos, familias, centros educativos e empresas, sempre coa supervisión de monitores especializados.


# ULLA EXTREM

M. 697240005 - [ullaextrem@gmail.com](mailto:ullaextrem@gmail.com)

Ulla Extrem é unha empresa de turismo activo especializada en descensos en kaiak polo Río Ulla, no Concello de Vedra.

Ofrece experiencias guiadas accesibles para todos os públicos, ideais para familias, grupos de amigos, centros educativos ou empresas, mesmo sen experiencia previa.

As actividades realízanse nun entorno natural único, combinado aventura, natureza e diversión, sempre coa supervisión de monitores especializados e co equipamento de seguridade necesario.



# TURNAUGA

M. 609847000 - [turnauga.info@gmail.com](mailto:turnauga.info@gmail.com)

Turnauga ofrece experiencias de turismo activo nas Terras de Santiago, nun entorno natural único no que o río Ulla e o gran protagonista.

Na comarca realízanse principalmente rutas guiadas polo río Ulla, polo seu paso polos concellos de Vedra, Boqueixón e Teo. Trátase de percorridos en augas tranquilas, ideais para a iniciación, o desfrute en grupo e o contacto directo coa natureza.

Estas actividades permiten descubrir a paisaxe fluvial do Ulla desde unha perspectiva diferente, sempre coa supervisión de monitores especializados e co equipamento de seguridade necesario.

Turnauga adopta as súas proposta a familias, grupos de amigos, centros educativos e empresas, promovendo un turismo activo, sostible e de calidade nas Terras de Santiago.



# GRANJA ESCUELA BERGANDO

M. 649466390 - [direccion@staapolonia.net](mailto:direccion@staapolonia.net)

Aprender da natureza, vivida experiencia. Na Granja Escuela Bergondo ofrecen unha experiencia educativa onde nenos, nenas e mozos poden aprender en contacto directo coa natureza, os animais e o medio rural.

Encóntrase a tan só 15 minutos de Santiago de Compostela, é un centro de referencia medioambiental en Negreira. Un entonos privilexiado, dentro de una reserva forestal próxima ao río Tambre o ao Camiño de Santiago a Fisterra.

Un espazo que ofrece coidado e coñecemento dos animais da granxa, obradoiros de agricultura e sustentabilidade, actividades ao aire libre e xogos educativos, visitas escolares e programas de convivencia, e campamentos e xornadas temáticas.

Un espazo seguro, divertido e educativo onde aprender facendo é a mellor maneira de crecer.







# Terras de Santiago



## Santa Comba

[www.santacomba.es](http://www.santacomba.es)

981 88 00 75



## Val do Dubra

[www.valdodubra.gal](http://www.valdodubra.gal)

981 88 90 00

## A Baña

[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

981 88 65 01



## Ames

[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)

981 88 30 02



## Boqueixón

[www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)

981 51 30 61



## Negreira

[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)

981 88 52 50



## Brión

[www.concellodebrion.gal](http://www.concellodebrion.gal)

981 88 70 06



## Rois

[www.rois.gal](http://www.rois.gal)

981 80 41 09



## Padrón

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

981 81 04 51



## Teo

[www.teo.gal](http://www.teo.gal)

981 81 57 00



## Vedra

[www.concellodevedra.es](http://www.concellodevedra.es)

981 81 46 12



Cibrán, nº4 - San Xian de Sales, 15885 Vedra | Teléfono: 981 81 83 57

[info@terrasdecompostela.org](mailto:info@terrasdecompostela.org) | [www.terrasdecompostela.org](http://www.terrasdecompostela.org)

GDRTerrasDeCompostela



# Terras de Santiago